

II. AUTORIDADES E PERSOAL

B) NOMEAMENTOS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2014 pola que se fai público o nomeamento de José Manuel Villanueva Prieto como xerente desta universidade.

En virtude das atribucións conferidas polo ordenamento xurídico vixente, e de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no artigo 90.2 dos estatutos da USC, aprobados polo Decreto da Xunta de Galicia 14/2014, do 30 de xaneiro (DOG do 12 de febreiro), e co acordo previo do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela na sesión celebrada o 30 de xuño de 2014,

RESOLVO:

Nomear a José Manuel Villanueva Prieto, xerente da Universidade de Santiago de Compostela, con efectos a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade co artigo 70.1 dos estatutos desta universidade, o cargo de xerente ten a consideración de alto cargo.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2014

Juan M. Viaño Rey
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

